

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13035 *Real decreto lei 15/2013, do 13 de decembro, sobre reestruturación da entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) e outras medidas urxentes na orde económica.*

I

A situación económica actual orixina a necesidade de que se afonde na racionalización do sector ferroviario, no ámbito de competencia estatal, en prol de lograr a máxima eficiencia na xestión dos servizos, de forma que se asegure o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e se permita un mellor desenvolvemento do sector.

Para tal fin, resulta aconsellable que se cree unha nova entidade, por escisión da rama de actividade de construción e administración de infraestruturas de alta velocidade do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), de maneira que a xestión das redes que actualmente administra a dita entidade, que presentan notables diferenzas, tanto desde o punto de vista técnico como económico e de financiamento, se realice de forma independente.

O anterior supón que ADIF deberá abordar un proceso de segregación desa rama de actividade, que se integrará nunha nova entidade pública empresarial creada para o efecto, ADIF-Alta Velocidad; o cal, pola súa vez, suporá a modificación do obxecto do actual ADIF, que quedará limitado á administración do resto da rede ferroviaria que ata agora viña sendo da súa titularidade e á execución de investimentos nela.

Con esta medida permitirase a especialización e, polo tanto, optimización da administración de ambas as dúas redes, a de alta velocidade e a de largo convencional, o que redundará nunha mellora do seu mantemento e explotación e, en especial, na xestión da seguridade.

O citado proceso de segregación efectuarase con garantía das condicións laborais do persoal de ADIF e da nova entidade resultante deste.

A urxencia na adopción da medida anteriormente descrita xustifícase na necesidade de axilizar o proceso de liberalización do sector ferroviario e de definir de forma inmediata a estrutura dos administradores de infraestruturas ferroviarias que asumirán a administración e, de ser o caso, a construción das ditas infraestruturas no ámbito da competencia estatal.

Así mesmo, en íntima relación coa creación da nova entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad, neste real decreto lei inclúense disposicións polas que se regulan diversos aspectos vinculados coa dita escisión, así como coas relacións entre ADIF e ADIF-Alta Velocidad, para as cales a urxencia da súa adopción se xustifica na propia creación da nova entidade e na necesidade de que, na data de inicio das súas actividades, os citados aspectos se encontren regulados. Entre as ditas disposicións encóntranse as seguintes:

O artigo 2 deste real decreto lei regula a asignación a ADIF-Alta Velocidad de determinados bens que constituían a rede de titularidade estatal e que foron atribuídos a ADIF a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro. Así mesmo, neste artigo establécese que as transmisións da titularidade deses bens a ADIF e a ADIF-Alta Velocidad terán a consideración de transferencias a título gratuito de bens afectos á administración de infraestruturas ferroviarias, que deberán efectuarse polo valor que se deduza do Sistema de Información Contable e dos rexistros do Ministerio de Fomento.

Pola súa banda, o artigo 3 establece a obriga de ADIF e ADIF-Alta Velocidad de contar cun inventario de terreos, que deberá efectuarse segundo os requisitos fixados neste.

O real decreto lei inclúe unha disposición adicional primeira en que se regulan os criterios e procedementos para asegurar o cumprimento do principio da sustentabilidade financeira da nova entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad e, en consecuencia, dos requisitos exixidos pola normativa reguladora da contabilidade nacional. Tamén se inclúe unha disposición adicional segunda en que se establece que as emisións de obrigas e outros títulos-valores representativos de débeda que efectúe a entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad se rexan polo disposto no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, salvo que esas emisións estean exclusivamente dirixidas a investidores institucionais ou profesionais e se efectúen baixo lei estranxeira, suposto en que estas quedarán suxeitas a esa lexislación. Con esta medida preténdese facilitar que a dita entidade poida obter financiamento en condicións favorables e reducir as cargas administrativas que a aplicación do texto refundido da Lei de sociedades de capital supón, exclusivamente para os supostos expresamente previstos nese precepto.

Na disposición adicional terceira habilítase ADIF-Alta Velocidad para que, de conformidade co disposto no artigo 40.3, letra a), da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, leve a cabo a prestación do servizo de subministración de enerxía eléctrica á rede ferroviaria de interese xeral, incluíndo as infraestruturas de titularidade de ADIF, e poida, en consecuencia, subscribir na súa representación contratos de acceso á rede de transporte e distribución eléctrica, así como contratos de enerxía coas empresas comercializadoras en todos os puntos de subministración da dita rede ferroviaria de interese xeral. Con esta medida preténdese o aproveitamento das vantaxes que proporciona a adquisición centralizada da enerxía.

Na disposición transitoria primeira prevese que se considerará que, en 31 de decembro de 2013, ADIF e ADIF-Alta Velocidad dispoñen da preceptiva autorización de seguridade, sen prexuízo da cal, no prazo de seis meses contado desde esa data, ambas as dúas entidades deban solicitar a correspondente autorización de seguridade. En canto que, na disposición transitoria segunda, se prevé a aplicación por ADIF-Alta Velocidad da declaración sobre a rede de ADIF mentres aproba a súa propia, así como que, en relación coa rede ferroviaria cuxa administración se lle encomenda á nova entidade, as empresas ferroviarias e demais candidatos poderán utilizar a capacidade que tivesen reservada para ese horario de servizo.

A disposición derradeira segunda modifica os artigos 20 e 22 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, polo que se establece o réxime xurídico da contratación do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias, co fin de posibilitar a existencia dunha pluralidade de administradores de infraestructuras ferroviarias de competencia estatal, permitir atribuírle á nova entidade ADIF-Alta Velocidad as funcións propias do administrador en relación coas infraestructuras ferroviarias que se lle atribúen e clarificar a regulación do dito réxime de contratación e actualizar as referencias contidas nel ao texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas e á Lei 48/1998, do 30 de decembro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e as telecomunicacións, que foron substituídos polo texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e pola Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais.

A urxencia en aprobar esa modificación vén motivada pola conveniencia de adecuar a Lei do sector ferroviario á nova situación derivada da creación de ADIF-Alta Velocidad e de que o novo réxime de contratación se encontre en vigor na data de inicio de actividade desta última, garantindo así mesmo que o dito réxime sexa aplicable a ADIF, de forma que se dea idéntico tratamento ás dúas entidades que asumen o papel de administradores de infraestructuras ferroviarias integrantes da rede ferroviaria de interese xeral.

En virtude da disposición derradeira cuarta apróbanse os orzamentos de explotación e capital de ADIF e de ADIF-Alta Velocidad, para o ano 2014, e o límite de endebedamento de ADIF-Alta Velocidad para o dito exercicio.

A urxencia na adopción desta medida xustifícase na necesidade de permitir que esta entidade poida acudir aos mercados financeiros para cubrir as súas presentes necesidades de financiamento, aproveitando para iso a situación favorable actualmente existente neses mercados, que podería resultar conxuntural e verse afectada por tensións neles.

II

Ademais, introdúcese unha modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, pola que se adecua a normativa nacional á Directiva 2009/119/CE, do Consello, do 14 de setembro de 2009, pola que se obrigan os Estados membros a manter un nivel mínimo de reservas de petróleo cru ou produtos petrolíferos. A dita directiva establece o marco comunitario que garante o mantemento dun nivel elevado de seguridade de abastecemento de petróleo na Unión Europea.

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e o Real decreto 1716/2004, do 23 de xullo, polo que se regula a obriga de mantemento de existencias mínimas de seguridade, a diversificación de abastecemento de gas natural e a Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, xa regulan o cumprimento dos obxectivos de reservas de emerxencia e os mecanismos de resposta en caso de interrupción de subministración ou desabastecemento de cru ou produtos petrolíferos en territorio español. Non obstante, considérase necesaria a modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, para establecer a equivalencia entre as existencias mínimas de seguridade e as reservas de emerxencia que recolle a Directiva 2009/119/CE.

En primeiro lugar, introdúcese a obriga de manter de forma permanente un nivel de reservas de emerxencia por razóns de seguridade de subministración que corresponderá á maior das seguintes cantidades: 61 días de consumo interno diario ou 90 días de importacións netas diarias medias.

Así mesmo, é necesario definir as funcións da Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos (Cores) como entidade central de almacenamento designada polo Reino de España e adecuar tanto os procedementos de identificación, verificación, contabilidade e control de reservas como os de comunicación entre os suxeitos obrigados e a autoridade competente, aos procedementos establecidos na Directiva 2009/119/CE.

Tamén se introducen os requisitos e prazos para os suxeitos obrigados ao mantemento de existencias mínimas de seguridade e detállanse as funcións da Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos co obxecto de garantir que a súa actividade se axusta aos requirimentos da directiva en relación coas entidades centrais de almacenamento.

Ademais, e respecto ás novas obrigas estatísticas impostas a España pola directiva, actualízase o réxime sancionador en relación coas obrigas de información dos axentes económicos á Entidade Central de Almacenamento.

En canto á utilización do real decreto lei, cabe sinalar que, aínda que España vén cumprindo de xeito consistente cos prazos de transposición das directivas comunitarias, nestes momentos existe un atraso respecto á Directiva 2009/119/CE, do Consello, do 14 de setembro de 2009, pola que se obrigan os Estados membros a manter un nivel mínimo de reservas de petróleo cru ou produtos petrolíferos. Polo tanto, concorre o presuposto habilitante da extraordinaria e urxente necesidade do artigo 86.1 da Constitución española co fin de evitar un procedemento de infracción contra o Reino de España.

Tamén se modifica o artigo 108.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para habilitar que o ministro de Economía e Competitividade poida autorizar a realización de operacións de depósito a prazo e a colocación de fondos en contas tesoureira, ademais das xa previstas de préstamo e adquisicións temporais de activos.

A urxencia desta modificación vén dada pola inminente decisión, por parte do Banco Central Europeo, de non retribuír, ou mesmo penalizar, o depósito de fondos das entidades do sector público dos distintos Estados membros nos bancos centrais despois do peche diario de operacións. Estes saldos actúan como un factor autónomo de

detracción de liquidez do sistema e causan efectos negativos na implementación da política monetaria.

Co fin de evitar este escenario, e tendo en conta que os instrumentos actualmente dispoñibles resultan insuficientes para garantir a completa colocación dos fondos do Tesouro público en operacións de tesouraría coa banca privada, resulta necesario e urxente dotarse de instrumentos adicionais que permitan evitar o depósito de saldos remanentes do Tesouro público no Banco de España e o risco de posibles retribucións negativas.

O resto de disposicións regulan os títulos competenciais en virtude dos cales se dita esta disposición e a entrada en vigor da norma que se producirá o día seguinte ao da súa publicación.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Fomento; Facenda e Administracións Públicas; Economía e Competitividade, e Industria, Enerxía e Turismo, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de decembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Creación da entidade ADIF-Alta Velocidad.*

1. Con data do 31 de decembro de 2013 crearase a entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad como organismo público dos previstos no artigo 43.1.b) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, mediante a escisión da rama de actividade de construción e administración daquelas infraestruturas ferroviarias de alta velocidade e outras que se lle atribúan e estean encomendadas ata a data de entrada en vigor deste real decreto lei ao Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF).

A actividade non segregada permanecerá en ADIF.

A citada escisión de rama de actividade non suporá incremento de gasto público.

Tanto ADIF coma ADIF-Alta Velocidad actuarán no desempeño das súas funcións con plena independencia de calquera empresa ferroviaria ou candidato á obtención de capacidade de infraestrutura ferroviaria.

A entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad terá personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar e patrimonio propio, distinto do da Administración xeral do Estado, e estará adscrita ao Ministerio de Fomento.

O Consello de Ministros, mediante real decreto, por iniciativa do Ministerio de Fomento e por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, aprobará o Estatuto da entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad, no cal, ademais das restantes cuestións previstas no artigo 62 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, se regularán a súa estrutura organizativa básica, os seus órganos superiores de dirección e as funcións destes.

Así mesmo, mediante real decreto de Consello de Ministros, por iniciativa do Ministerio de Fomento e por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, modificarase o Real decreto 2395/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o estatuto de ADIF, para adaptalo ao disposto neste real decreto lei.

2. ADIF-Alta Velocidad asumirá as funcións asignadas ao Administrador de Infraestructuras Ferroviarias pola Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, en relación con aquelas infraestruturas ferroviarias cuxa titularidade lle fose atribuída, así como coas que se lle atribúan nun futuro, polo que, en todo o non previsto na presente disposición, e no que se refire ás competencias que se lle atribúen, lle será de aplicación o disposto no capítulo V do título II da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e demais preceptos da dita norma que resulten de aplicación ao Administrador de Infraestructuras Ferroviarias.

ADIF-Alta Velocidad subrogarase na posición da entidade pública empresarial ADIF, en relación con todas as atribucións e encomendas de construción ou administración correspondentes a aquelas infraestruturas ferroviarias que lle tivesen sido asignadas mediante a orde ministerial prevista no número 5 do presente artigo, así como en todos

os expedientes de gasto e contratos relativos ás ditas infraestruturas que fosen iniciados ou subscritos, respectivamente, por ADIF e que sigan vixentes na data de creación da nova entidade.

3. O persoal laboral de ADIF que viñese atendendo as actividades e servizos que, a partir da entrada en vigor deste real decreto lei pasan a ser asumidos por ADIF-Alta Velocidad, pasará a integrarse nesta última entidade. A adscrición deste persoal de ADIF a ADIF-Alta Velocidad efectuarase mediante orde do ministro de Fomento, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Para os efectos do establecido no artigo 44 do Estatuto dos traballadores, entenderase que con data do 31 de decembro de 2013 se produce unha sucesión de empresas entre a entidade pública empresarial ADIF e a entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad. Os traballadores de ADIF que, ata a dita data, viñan prestando os seus servizos en ADIF, integraranse na entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad atendendo as actividades e os servizos que viñesen prestando naquela, que pasan a ser asumidos por ADIF-Alta Velocidad de acordo co establecido neste real decreto lei.

As relacións laborais deste persoal seguiranse rexendo polo convenio colectivo que lle for de aplicación no momento da súa integración.

As persoas que tivesen a condición de representantes legais dos traballadores en ADIF e que pasen a integrarse en ADIF-Alta Velocidad seguirán exercendo as súas funcións nos mesmos termos e baixo as mesmas condicións que rexían con anterioridade.

A integración do persoal non poderá supoñer en ningún caso incremento de dotacións, retribucións nin outros gastos de persoal ao servizo do sector público.

O réxime retributivo do persoal directivo e do presidente, tanto de ADIF como de ADIF-Alta Velocidad, así como as indemnizacións por asistencia dos membros dos consellos de administración de ambas as dúas entidades, axustaranse ao previsto no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades.

4. O presidente da entidade pública empresarial ADIF e o secretario do seu Consello de Administración serano así mesmo de ADIF-Alta Velocidad.

5. ADIF-Alta Velocidad terá para o cumprimento dos seus fins un patrimonio propio, distinto do da Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens, dereitos e obrigas de que sexa titular.

Mediante orde do ministro de Fomento e do ministro de Facenda e Administracións Públicas determinaranse os activos e pasivos, dos que pertencían ou estaban adscritos a ADIF, que pasan a ser de titularidade de ADIF-Alta Velocidad. A integración deses activos e pasivos no patrimonio de ADIF-Alta Velocidad efectuarase e rexistrarase segundo o seu valor contable.

En todo caso, incorporaranse ao patrimonio de ADIF-Alta Velocidad as infraestruturas ferroviarias cuxa titularidade se lle atribúese, de acordo co previsto no parágrafo anterior, e todos os bens mobles e inmobles de ADIF que se consideren convenientes para garantir a sustentabilidade financeira de ADIF-Alta Velocidad, así como a débeda asumida por ADIF en relación cos ditos bens.

Unha vez producida a segregación, mediante acordo de Consello de Ministros, poderanse producir traspasos de infraestruturas ferroviarias entre ADIF e ADIF-Alta Velocidad cando existan razóns de explotación ou desenvolvemento da rede ferroviaria de interese xeral que o faga aconsellable. A transferencia de activos entre ambas as dúas entidades efectuarase e rexistrarase polo valor contable polo que figuren rexistrados na contabilidade da entidade cedente, e fixará o Consello de Ministros os termos da referida transmisión.

6. A contratación da construción e administración da infraestrutura ferroviaria por ADIF-Alta Velocidad efectuarase de acordo co previsto no artigo 22 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

7. ADIF-Alta Velocidad e ADIF poderán encomendarse, mediante a subscrición do oportuno convenio, a realización de determinadas actividades. Neses convenios deberá necesariamente considerarse a compensación económica que lle correspondería á

entidade pública empresarial ADIF ou, de ser o caso, a ADIF-Alta Velocidad, pola prestación dos servizos encomendados.

En particular, ambas as dúas entidades poderán encomendarse a xestión da capacidade de infraestruturas e, debido á interconexión das redes cuxa administración teñen atribuída ambas as dúas entidades, e como excepción ao previsto no artigo 22.4 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, tamén a xestión dos sistemas de control, de circulación e de seguridade.

Por outra parte, en caso de que unha destas entidades lle encomende á outra a realización de tarefas relacionadas coa seguridade cidadá e a protección civil, o responsable desa materia será o mesmo en ambas as dúas entidades. O anterior será, así mesmo, de aplicación ao responsable da prevención de riscos laborais, seguridade e saúde no traballo.

8. ADIF-Alta Velocidad e ADIF formularán a proposta de modificación ou actualización das contás dos canons ferroviarios establecidos nos artigos 74 e 75 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, á cal se refire o artigo 77 do citado texto legal.

9. Os efectos da escisión retrotráense contablemente ao 1 de xaneiro de 2013. ADIF-Alta Velocidad reflectirá nas súas contas anuais correspondentes ao exercicio 2013 os activos e pasivos, os ingresos, os gastos e os fluxos de efectivo correspondentes á rama de actividade escindida desde o día 1 de xaneiro do referido ano. Así mesmo, ADIF non incluírá nas súas contas anuais do exercicio 2013 os ingresos, os gastos e os fluxos de efectivo da rama segregada e dará de baixa do seu balance, con efectos contables do 1 de xaneiro de 2013, a totalidade dos activos e pasivos correspondentes á dita rama de actividade.

As transaccións que, como consecuencia do previsto no parágrafo anterior, deban rexistrar na súa contabilidade ambas as dúas entidades públicas empresariais para recoñecer os efectos da escisión con data do 1 de xaneiro de 2013, non xerarán ningún tributo, coa excepción da súa consideración para os efectos da determinación da base imponible do imposto sobre sociedades de cada unha das entidades correspondente ao exercicio 2013.

10. Ás transmisións, actos ou operacións de mutación patrimonial, afectación, adscrición e atribución de administración consecuencia desta disposición seralles de aplicación o réxime fiscal previsto no capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado mediante Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

As indicadas transmisións, actos ou operacións gozarán igualmente de exención de aranceis ou honorarios pola intervención de persoas que dean fe pública e rexistradores da propiedade e mercantís.

O réxime aplicable a ADIF-Alta Velocidad, respecto do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, en canto a todas as súas modalidades, será o previsto no artigo 45.I.A).a) do texto refundido da Lei do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.

11. Ademais dos recursos previstos no artigo 23 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, ADIF-Alta Velocidad e ADIF poderán recibir, para a administración, construción, reposición ou mellora das infraestruturas ferroviarias da súa titularidade, tanto transferencias correntes como de capital dos orzamentos xerais do Estado e do orzamento doutras administracións públicas.

As ditas entidades poderán subscribir convenios coa Administración xeral do Estado para o financiamento das actividades que constitúen o seu obxecto.

O Ministerio de Fomento establecerá as directrices básicas que presidan a administración das redes de titularidade de cada unha das entidades e sinalará os obxectivos, fins e custos que se deben alcanzar e os niveis de calidade na prestación do servizo.

12. ADIF-Alta Velocidad poderá delegar en ADIF as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación da taxa por seguridade no transporte ferroviario de viaxeiros, regulada na sección II do capítulo I do título V da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, que se xere pola prestación do servizo de vixilancia e control de acceso, tanto de viaxeiros como de equipaxes, ás estacións e demais recintos ferroviarios de titularidade de ADIF-Alta Velocidad.

13. Entenderanse realizadas a ADIF-Alta Velocidad e a ADIF, no ámbito das súas respectivas competencias, todas as referencias feitas ao Administrador de Infraestructuras Ferroviarias na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 2. *Asignación dos bens que constituían a rede de titularidade do Estado.*

1. A atribución a ADIF-Alta Velocidad, se é o caso, de infraestruturas ferroviarias e estacións das que constituían a rede de titularidade do Estado e pasaron a ser de titularidade de ADIF a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, efectuarase segundo o que se dispoña na orde ministerial a que se refire o número 5 do artigo 1 da presente norma.

2. Para todos os efectos, a transmisión da titularidade das infraestruturas ferroviarias e estacións citadas no número anterior a ADIF e a ADIF-Alta Velocidad terá a consideración dunha transferencia a título gratuito de bens afectos á realización da actividade de administración de infraestruturas ferroviarias e valorarase e rexistrarase segundo o disposto no artigo 34 do Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, que establece que os cambios na titularidade destes bens se efectuarán polo valor que se deduza do Sistema de Información Contable e dos rexistros do Ministerio de Fomento.

Artigo 3. *Inventario de terreos de ADIF e de ADIF-Alta Velocidad.*

1. ADIF e ADIF-Alta Velocidad deberán dispoñer dun inventario valorado e integrado nos rexistros contables de cada unha das entidades de todos os terreos da súa titularidade nos termos que estableza a orde ministerial a que se refire o número 5 do artigo 1 desta norma.

2. ADIF e ADIF-Alta Velocidad valorarán os terreos mencionados no número anterior de acordo co seu prezo de adquisición. Naqueles supostos nos cales non se dispoña do prezo de adquisición, procederase á estimación do prezo de adquisición a través da aplicación de diferentes métodos de cálculo, baseados nos prezos de adquisición de terreos de características similares expropiados ou adquiridos no mesmo período de referencia, que se desenvolverán na orde do ministro de Fomento a que se fai referencia no número 5 do artigo 1 da presente norma.

3. Os inventarios a que se refire o número 1 anterior incluirán, se é o caso, os terreos sobre os que se sitúan as infraestruturas ferroviarias e estacións que constituían a rede de titularidade do Estado e pasaron a ser de titularidade de ADIF, a partir da entrada en vigor do Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro.

Na medida en que os citados terreos non figuren valorados no sistema de información contable e nos rexistros do Ministerio de Fomento, seranlles de aplicación os criterios de estimación do prezo de adquisición mencionados no punto 2 anterior.

4. A incorporación destes bens inmobles aos rexistros contables de cada unha das entidades polo seu prezo de adquisición ou, no seu defecto, polo valor aplicable segundo o indicado no parágrafo anterior, efectuarase, con independencia do exercicio contable en que se produza, considerando que a citada transmisión ten a consideración dunha transferencia a título gratuito de activos.

Disposición adicional primeira. *Sustentabilidade financeira de ADIF-Alta Velocidad.*

1. ADIF-Alta Velocidad, de conformidade co principio de sustentabilidade financeira, garantizará que a ratio de cobertura dos custos de produción con ingresos por vendas, tal e

como aparecen configurados na normativa reguladora da contabilidade nacional, permita a súa clasificación como unidade pública incluída dentro do sector «sociedades non financeiras».

2. A orzamentación e execución dos investimentos axustarase no tempo e na contía de xeito que en ningún caso se poderán acometer investimentos que poñan en risco a consideración de ADIF-Alta Velocidad como sociedade non financeira para os efectos de contabilidade nacional.

3. Calquera desviación na execución dos orzamentos de explotación e de capital da entidade que supoña unha caída da ratio que poña en risco a cualificación de ADIF-Alta Velocidad como sociedade non financeira comportará a reprogramación dos investimentos en curso ata que a ratio alcanzada elimine ese risco.

4. Os contratos, os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación de ADIF-Alta Velocidad que afecten os gastos deberán valorar as súas repercusións e efectos na ratio e deberá supeditarse a súa execución de forma estrita ao cumprimento do valor mínimo de referencia para cumprir a súa clasificación como sociedade non financeira para os efectos de contabilidade nacional.

5. Para tal fin, trimestralmente informará o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas da evolución destas magnitudes e da ratio existente e a previsión da súa evolución. Se, á vista da información remitida, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas aprecia a existencia de riscos que afecten o cumprimento da ratio de cobertura exigido, poñerá en coñecemento de ADIF-Alta Velocidad para os efectos de que se adopten as medidas oportunas e informará desta circunstancia a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

6. Con independencia do indicado anteriormente, ADIF-Alta Velocidad estará obrigada a facilitarlle á Intervención Xeral da Administración do Estado canta información lle sexa solicitada polo dito centro directivo para contrastar o cumprimento das ratios de cobertura de gastos e informar, nos termos que procedan, as autoridades da Comisión Europea.

7. As actuacións que afecten os seus ingresos presentes ou futuros deberán orientarse á cobertura dos custos cumprindo co principio de sustentabilidade.»

Disposición adicional segunda. *Emisión de obrigas e outros títulos-valores representativos de débeda pola entidade pública empresarial ADIF-Alta Velocidad.*

As emisións de obrigas de ADIF-Alta Velocidad rexeranse polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital. Non obstante, cando esas emisións estean dirixidas exclusivamente a investidores institucionais ou profesionais e se efectúen baixo lei estranxeira, someteranse exclusivamente aos requisitos fixados na dita lexislación.

Disposición adicional terceira. *Subministración de enerxía eléctrica ao sistema ferroviario.*

1. As entidades públicas empresariais ADIF e ADIF-Alta Velocidad serán titulares dos puntos de subministración de enerxía eléctrica que patrimonialmente teñan asignados e cada entidade será responsable dos seus custos de amortización e de mantemento, así como das obrigas regulamentarias derivadas da dita titularidade.

2. O disposto no artigo 40.3.a) da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, en canto á obriga do Administrador de Infraestructuras Ferroviarias de prestar o servizo complementario de subministración de enerxía eléctrica nas infraestructuras ferroviarias integradas na rede ferroviaria de interese xeral ás empresas ferroviarias que o soliciten, será de aplicación a ADIF-Alta Velocidad, que, así mesmo, poderá subministrar enerxía eléctrica ás infraestructuras de titularidade de ADIF e, en consecuencia, subscribir na súa representación contratos de acceso á rede de transporte e distribución eléctrica, directamente coas distribuidoras ou a través de empresas comercializadoras e contratos

de enerxía coas empresas comercializadoras en todos os puntos de subministración da rede ferroviaria de interese xeral.

Disposición transitoria primeira. *Autorizacións de seguridade de ADIF e ADIF-Alta Velocidad.*

Considerarase que en 31 de decembro de 2013 as entidades públicas empresariais ADIF e ADIF-Alta Velocidad dispoñen da preceptiva autorización de seguridade e as citadas entidades deben cumprir, desde esa data, todas as obrigas dimanantes da regulación vixente en materia de seguridade na circulación ferroviaria; todo iso sen prexuízo de que no prazo de seis meses a partir da data indicada deban presentar ante a Dirección Xeral de Ferrocarrís a correspondente solicitude e documentación regulamentaria, de acordo co indicado nos artigos 9 a 14 do Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, aprobado polo Real decreto 810/2007, do 22 de xuño, co fin de que o dito centro directivo lles outorgue, se así procede, a correspondente autorización de seguridade.

Disposición transitoria segunda. *Primeira declaración sobre a rede de ADIF-Alta Velocidad.*

1. A publicación no «Boletín Oficial del Estado» do acordo de aprobación da primeira declaración sobre a rede de ADIF-Alta Velocidad producirase no prazo máximo de seis meses a partir da entrada en vigor desta disposición e non rexe neste caso o prazo previsto no artigo 5.1 da Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria.

Ata a publicación da primeira declaración sobre a rede de ADIF-Alta Velocidad seralle de aplicación á dita entidade a declaración sobre a rede aprobada por ADIF que se encontre vixente nese momento, no relativo ás infraestruturas ferroviarias que fosen atribuídas á nova entidade pola orde a que se refire o artigo 1.5 deste real decreto lei.

2. En relación coa rede ferroviaria cuxa administración se lle encomende a ADIF-Alta Velocidad, desde a entrada en vigor da presente disposición e ata a entrada en vigor do primeiro horario de servizo, as empresas ferroviarias terán asignada a capacidade de infraestrutura necesaria para a prestación dos servizos de transporte ferroviario que estivesen a prestar no momento de creación da nova entidade, e ademais poderán solicitar a capacidade para prestar novos servizos de conformidade co procedemento establecido para o efecto pola Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, modifícase como segue:

Un. Os artigos 50, 51 e 52 quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 50. *Existencias mínimas de seguridade.*

1. Todo operador autorizado a distribuír por xunto produtos petrolíferos en territorio nacional, e toda empresa que desenvolva unha actividade de distribución polo miúdo de carburantes e combustibles petrolíferos non adquiridos aos operadores regulados nesta lei, deberán manter en todo momento existencias mínimas de seguridade dos produtos que o Goberno determine regulamentariamente, no que se refire á cantidade, tipos de produtos, lugar de almacenamento e localización xeográfica, ata un máximo de cento vinte días das súas vendas anuais, computados de acordo coa metodoloxía que así mesmo se estableza. Este máximo poderá ser revisado polo Goberno cando os compromisos internacionais do Reino de España o requiran.

Os consumidores de carburantes e combustibles, na parte non subministrada polos operadores regulados nesta lei, deberán igualmente manter existencias mínimas de seguridade na cantidade que regulamentariamente resulte exixible atendendo ao seu consumo anual.

As existencias mínimas de seguridade anteriormente citadas terán a consideración de reservas de emerxencia para os efectos de garantir o cumprimento por parte de España dos compromisos internacionais asumidos para garantir a seguridade de subministración do mercado petrolífero.

Así mesmo, determinaranse regulamentariamente as distintas categorías de reservas petrolíferas, incluídas as reservas comerciais, e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo pode establecer reservas específicas para garantir a seguridade de abastecemento

2. Cando se trate de gases licuados do petróleo, os operadores por xunto deste produto, así como os comercializadores ou consumidores que non adquiren o produto a operadores ou comercializadores autorizados, estarán obrigados a manter existencias mínimas de seguridade ata un máximo de trinta días das súas vendas ou consumos anuais.

3. Para efectos do cómputo das existencias mínimas de seguridade, que terá carácter mensual, considerarase a totalidade das existencias almacenadas polos operadores e empresas a que se refiren os números anteriores no conxunto do territorio nacional. Estas existencias estarán dispoñibles e accesibles fisicamente para garantir a seguridade de abastecemento do mercado nacional e a súa verificación poderá ser realizada en calquera momento pola autoridade competente ou a entidade central de almacenamento a que se refire o artigo 52.

4. Regulamentariamente, estableceranse os procedementos administrativos e as obrigas necesarias para garantir que se mantén de forma permanente un nivel de existencias mínimas de seguridade equivalente, polo menos, á maior das cantidades correspondentes ben a noventa días de importacións netas diarias medias, ben a sesenta e un días de consumo interno diario medio correspondente ao ano de referencia, en petróleo equivalente.

Así mesmo, poderanse establecer obrigas de remisión de información a entidades que, non sendo suxeitos obrigados ao mantemento de existencias mínimas de seguridade, introduzan en territorio español crús e/ou produtos petrolíferos.

5. A inspección do cumprimento da obriga de mantemento de existencias mínimas de seguridade corresponderalle ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, cando o suxeito obrigado sexa un operador por xunto, e ás administracións autonómicas cando a obriga afecte distribuidores polo miúdo ou consumidores.

Regulamentariamente, establecerase o procedemento de comunicación de información entre a Administración pública competente para a inspección e a Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos a que se refire o artigo 52.

Artigo 51. Suxeitos obrigados ao mantemento de existencias mínimas de seguridade.

1. Regulamentariamente establecerase o procedemento para que, con anterioridade ao 31 de maio de cada ano, todos os suxeitos coñezan as modalidades que se vaian aplicar para calcular as obrigas de almacenamento en vigor a partir do 1 de xaneiro do seguinte ano.

Así mesmo, estableceranse as cantidades de reservas dos suxeitos obrigados que obrigatoriamente manterá a Corporación e aquelas outras reservas que a Corporación poderá manter ao seu favor máis alá das porcentaxes obrigatorias. No caso de que os operadores desexen exercer tal dereito máis alá das obrigas establecidas, deberán comunicalo antes do 30 de xuño do ano precedente.

Os suxeitos obrigados ao mantemento de existencias mínimas de seguridade de produtos petrolíferos deberán ceder ou arrendar existencias, así como facilitar instalacións á Corporación na forma que se determine regulamentariamente.

As operacións de compra, venda e arrendamento de reservas, así como as referentes ao seu almacenamento, axustaranse a contratos tipo cuxo modelo será aprobado polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

2. Os suxeitos obrigados poderán cumprir as súas obrigas de reservas en beneficio do Reino de España, nos termos que regulamentariamente se establezan, mediante existencias que sexan da súa propiedade ou estean á súa plena disposición en virtude de contratos de arrendamento, sempre que non fosen cedidas ou arrendadas a terceiros en ningunha forma, con entidades centrais de almacenamento ou operadores económicos doutros Estados membros da Unión Europea con capacidade de almacenamento fóra do territorio nacional, e logo de autorización do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Reciprocamente, determinarase a forma e as condicións en que os suxeitos obrigados noutros Estados membros da Unión Europea e países terceiros poderán constituír existencias mínimas de seguridade en territorio español.

Así mesmo, poderán cumprir as súas obrigas mediante existencias que sexan da súa propiedade ou estean á súa plena disposición en virtude de contratos de arrendamento, sempre que non fosen cedidas ou arrendadas a terceiros en forma ningunha, con outros suxeitos obrigados ou operadores económicos con capacidades de almacenamento no territorio nacional, e logo da comunicación á Corporación.

3. Garantirase, en todo caso, a dispoñibilidade das reservas de emerxencia e das reservas específicas almacenadas en territorio nacional por conta doutro Estado membro. Así mesmo, en caso de interrupción grave da subministración, as medidas que o Reino de España adopte en aplicación do artigo 49 desta lei non suporán obstáculo e impedimento para a transferencia, o uso ou a distribución das reservas de emerxencia e as reservas específicas almacenadas por conta doutro Estado membro.

Artigo 52. *Entidade central de almacenamento.*

1. A Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, na súa calidade de entidade central de almacenamento, terá por obxecto a adquisición, constitución, mantemento e xestión das reservas de hidrocarburos que se determinen regulamentariamente.

2. Así mesmo, como corporación de dereito público sen ánimo de lucro actuará a favor do interese xeral e en réxime de dereito privado con personalidade xurídica propia. Rexerase polo disposto na presente lei e as súas disposicións de desenvolvemento. A Corporación estará suxeita, no exercicio da súa actividade, á tutela da Administración xeral do Estado, que a exercerá a través do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

3. Sen prexuízo do establecido no punto primeiro, a Corporación realizará as seguintes funcións:

a) Identificación, verificación, contabilidade e control das reservas definidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, incluídas as reservas comerciais, e deberá informar o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, polo menos con carácter mensual, dos niveis de reservas almacenados polos suxeitos obrigados e operadores económicos.

b) Establecer un inventario detallado e permanentemente actualizado de todas as reservas de emerxencia almacenadas, con exclusión, se é o caso, das reservas específicas. Este inventario incluirá, en particular, os datos necesarios para poder localizar o depósito, a refinaría ou a instalación de almacenamento en que se encontren as reservas en cuestión, así como as cantidades, o propietario e

a natureza conforme as categorías definidas polas normas obrigatorias do dereito da Unión Europea e que sexan de aplicación en cada momento. Os datos deberán manterse por un período de cinco anos.

En calquera momento, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá requirirle ese inventario á Corporación, que disporá dun prazo máximo de dez días para a súa remisión.

Antes do 31 de xaneiro de cada ano, remitiralle ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo unha versión resumida dese inventario na cal se indiquen, como mínimo, as cantidades e a natureza das reservas de emerxencia incluídas no inventario na data do último día do ano natural anterior.

c) Publicar de xeito permanente información completa, clasificada por categoría de produtos, sobre os volumes de reservas cuxo mantemento a Corporación poderá garantirlles aos suxeitos obrigados, a outros operadores económicos ou a outras entidades centrais de almacenamento. Así mesmo, publicará con anterioridade ao 31 de maio de cada ano as condicións en que ofrecerá os servizos de mantemento de reservas por conta dos suxeitos obrigados.

d) Adquirir ou vender, con carácter exclusivo, as reservas específicas que, se é o caso, poidan establecerse por mandato do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

e) Constitución, mantemento e xestión das reservas dos operadores económicos ou suxeitos obrigados nos termos que regulamentariamente se establezan. As reservas que estean á súa plena disposición en virtude de contratos de arrendamento non poderán ser cedidas ou arrendadas, a terceiros, en forma ningunha.

f) Cálculo e verificación dos niveis totais de reservas de petróleo equivalente e cantidades de produtos que, de forma permanente, mantén o Reino de España, calculadas tanto en días de importacións netas diarias medias, como en días de consumo interno diario medio correspondente ao ano de referencia de conformidade coa normativa europea e as obrigas derivadas dos tratados internacionais en que o Reino de España sexa parte.

Así mesmo, deberá remitirle ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo as relacións estatísticas sobre hidrocarburos que regulamentariamente se establezan.

g) Proporlle ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo as actuacións e medidas orientadas á implementación e actualización das obrigas en materia de seguridade de subministración do mercado de hidrocarburos, de acordo cos compromisos internacionais asumidos polo Reino de España.

h) Colaborar coas distintas administracións públicas, para os efectos de proporcionar información, asesoramento e realizar calquera outra actividade respecto a aqueles aspectos da súa competencia no sector de hidrocarburos, en particular na revisión do grao de preparación de España e do almacenamento de reservas para emerxencias.

